

ID#550



instituto de estudos das identidades

Rabaceira - Lousada - Pedrafita do Cebreiro, 1979-06
Informantes: Abel de Roque de Fonteboa (52) e rapaces de Rabaceira
Compiladora: Dorothe Schubarth
Transcrición: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

99 T 5 3 2 1

♩ = 104

Fonteboa, Zanfoga, Pedrafita do Cebreiro. Xuño 1979.

1) O Po-le-to en-ta-dou-se e di-xo-lle a Mer-ce-des
ou me di-ce-lo que co-bras ou me di-ce-lo que co-bras

I. Cantos vellos de cinco versos

121

ou ch'heiquei-ma-lo ro-le-te pe-lo-na pe-lo-na

variantes estróficas:

15)

14)

Courel XI,1,180. Abel 52.

L: 55a.

*Transcrición orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

55a

A Pelona cobra en especie os honorarios polas súas prácticas abortivas.

O Poletto enfadouse
e dixolle a Mercedes:
“Ou me díce-lo que cobras
ou ch'hein queimá-lo rolete”
Pelona, Pelona.

“O rolete non mo queimes”
contestou desta maneira,
“unto danche nos Casares
queixo dan en Rabaceira.”
Pelona, Pelona.

“Cereixas dan en Fonlor,
cabritos en Fonteboa,
que prä patacas e trigo
xa nos sobran en Zanfoga”
Pelona, Pelona.

(...) Zanfoga Mercedes
que che paguen o dobre en trigo
pra eso levan a ventaxa,
que as sirves a domicilio
Pelona, Pelona.

(...) Poletto
halles de salir ben pago
patacas as do Caleiro
e non as de Chao de Prados
Pelona, Pelona.

En Celeiro i en Acibo
hannos facé-las galochas,
i as de Rubiais esterco
pró barbeito da Medorra
Pelona, Pelona.

Esterco as de Rubiales
eso non cho poden dar
porque hai tan pouca auga
non tein gana de mexar.



Brañas e Veiga de Brañas
non seín con qu'han de pagar,
tod'o gastan en pinturas
en ferros pra dipilar
Pelona, Pelona.

Penacerveira e Santín
esas hannos dar aveia
e as de Fonte Formoso
hannos facer unha cesta
Pelona, Pelona.

Basta non che quero máis
levet'o demo a ti i a elas
que d'arrear tantas cestas
xa non aguanto as costrelas
Pelona, Pelona.

N'Airexa i en Rocireixa
esas qu'están cerca do Faro
aiquí 'stán os bois ferreiros
hannos calzá-lo picaño.
Pelona, Pelona.

En San Pedro e Chandepena
que son ben traballadoras
hannos vir segá-lo pan
e despois queimá-las tolas.
Pelona, Pelona.

En Sisto volv' haber cabras
que che deían máis cabritos
i as de Trabazas pr'agosto
unhas banastras de figos.
Pelona, Pelona.

Santalla e Veiga de Forcas
non sei con qué pagarán
as de Santalla castañas
as de Veiga de Forcas pan.
Pelona, Pelona.

ID#550



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Non pasarein máis aló
que me van dar muito traballo
ademais hai outra cousa
que se pod'interar Franco.
Pelona, Pelona.

E se Franco non se entera
e non me dá nos dedos
pronto non l'ha facer falta
o sosidio prós pequenos.
Pelona, Pelona.

O Poletto ó oír aquilo
pega saltos de contento
por casarse ca Pelona
muller de tanto talento.
Pelona, Pelona.